



BANDO

DON VICENTE GÓMEZ GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (Ourense)

FAI SABER:

LIMPEZA OBRIGATORIA DE BIOMASA NOS NÚCLEOS RURAIS

Que en aplicación da Lei 3/2007 de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, o Concello de Castrelo do Val lembra os titulares das parcelas situadas a menos de 50 metros dos lindes dos núcleos rurais e/ou vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais localizadas a menos de 400 metros do monte. Entenderáse como área de protección dos núcleos rurais a comprendida dende 50 metros a contar dende a última edificación que constitúa o núcleo de poboación.

Na mesma franxa de 50 metros, non poderá haber árbores das especies que se sinalan a continuación, agás aquelas que cumpran funcións ornamentais ou que se localicen en zonas recreativas, sempre que se manteña unha discontinuidade horizontal e vertical do combustible.

Especie e nome común:

***Pinus pinaster*-Piñeiro galego ou Piñeiro do país, *Pinus sylvestris*-Piñeiro galego, *Pinus radiata*-Piñeiro de Monterrei, *Pseudotsuga menziesii*-Piñeiro de Oregón, *Acacia dealbata*-Mimosa, *Acacia melanoxylum*-Acacia negra, *Eucalyptus spp*-Eucalipto, *Chamaespartium tridentatum*-Carqueixa, *Cytisus spp*-Xesta, *Calluna vulgaris*-Queiruga, *Pteridium aquilinum*-Fento, *Rubus spp*-Silva, *Ulex europaeus*-Toxo, *Erica spp*-Uz ou carpaza.**

*As fincas que limiten con estradas, deben de manter limpa unha franxa de 4 metros onde haxa especies frondosas e de 6 metros onde haxa pinos e/ou eucaliptos.

A LIMPEZA DA MALEZA DEBE FACERSE ANTES DO 31 DE MAIO. No caso de incumprimento, expóñense ás sancións correspondentes previstas na lexislación vixente.

Castrelo do Val, 19 de Abril de 2022

O Alcalde,

Asdo. Vicente Gómez García

DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE AO MARXE

